



Concello de Lugo

Educación

esc

Asunto: Solicitud CEM construcción centro docente público á comunidade autónoma

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO

Data: 01/06/2017 10:57:39

ENTRADA 61404 / RX 1432349



Con data 26 de abril de 2017 celebrouse sesión ordinaria do Consello Escolar Municipal do Excmo. Concello de Lugo, configurado como un órgano de consulta e participación dos cidadáns, organismos e sectores afectados pola programación xeral do ensino dentro do termo municipal de Lugo.

Como queira que é función do Consello Escolar Municipal, segundo dispón o seu Regulamento, o asesoramento e a elaboración de propostas sobre todos os aspectos do ensino non universitario que incida nos intereses do vecindario, así como a emisión de informes e propostas relativas ao emprazamento de centros docentes dentro do termo municipal, na devandita sesión adoptouse, co voto favorable de tódolos membros presentes, acordo relativo á necesidade de creación dun centro de ensino de titularidade pública entre murallas ou en terreos colindantes, baseándose na presión de matrícula que nos últimos anos vén soportando o CEIP Quiroga Ballesteros e, a inexistencia de outro centro docente de titularidade pública na zona.

Por tal motivo, o Consello Escolar Municipal do Excmo. Concello de Lugo

SOLICITA á Xunta de Galicia:

1. A avaliación das necesidades de creación dun centro escolar público no termo municipal lucense situado na zona entre murallas ou colindantes.
2. A súa inclusión na programación de construcións escolares da Administración autonómica.

Lugo, 26 de maio de 2017

O PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL



Asdo.: Manuel Núñez López

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA
DE GALICIA
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO





Concello de Lugo

Educación
esc

Asunto: Solicitud CEM cumprimento requisitos legais centro educativo

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO

Data 01/08/2017 10:57:39

ENTRADA 61405 / RX 1432350



Con data 26 de abril de 2017 celebrouse sesión ordinaria do Consello Escolar Municipal do Excmo. Concello de Lugo, configurado como un órgano de consulta e participación dos cidadáns, organismo e sectores afectados pola programación xeral do ensino dentro do termo municipal de Lugo.

Como queira que é función do Consello Escolar Municipal, segundo dispón o seu Regulamento, o asesoramento e a elaboración de propostas sobre todos os aspectos do ensino non universitario que incida nos intereses do vecindario, así como a emisión de informes e propostas relativas ao emprazamento de centros docentes dentro do termo municipal e a calquera asunto que pola súa importancia para a vida escolar do concello se lle consulte, na devandita sesión adoptouse, co voto favorable da maioría dos membros presentes, acordo relativo á solicitude de información sobre o cumprimento dos requisitos legais establecidos no CPR Plurilingüe La Milagrosa.

Por tal motivo, o Consello Escolar Municipal do Excmo. Concello de Lugo

SOLICITA á Xunta de Galicia:

1. Avaliación dos requisitos legais establecidos, dentro da normativa referente ás instalacións e seguridade que afecta aos centros concertados na comunidade autónoma galega, para o CPR Plurilingüe La Milagrosa.
2. Emisión de informe ao Consello Escolar Municipal do cumprimento de tales requisitos.

Lugo, 26 de maio de 2017

O PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL



Asdo.: Manuel Núñez López

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA
DE GALICIA
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

